


# Programación didáctica

Educación infantil

## Curso 2020/21

CEIP A GÁNDARA-NARÓN



- 1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.
- 2.- PLAN ADAPTACIÓN COVID
  - 2.1.-MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN
  - 2.2.-ENTRADAS E SAÍDAS
  - 2.3.-RECREOS
  - 2.4.-MERENDAS
- 3.- CONTRIBUCIÓN DO CICLO Ó LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.
- 4.- OBSECTIVOS XERAIS ESTABLECIDOS PARA O CICLO.
- 5.- CONTIDOS.
- 6.- ACTIVIDADES.
- 7.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN RELACIONADOS COAS COMPETENCIAS BÁSICAS
- 8.- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.
  - 8.1-CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.
- 9.- MÍNIMOS ESIXIBLES PARA OBTER UNHA AVALIACIÓN POSITIVA.
- 10.-METODOLOXÍA DIDÁCTICA.
- 11.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.
- 12.- MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.
- 13.-ACCÍONS PREVISTAS DE ACORDO CO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICS.
- 14.-ACCÍONS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.
- 15.-EDUCACIÓN EN VALORES.
- 16.-ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.

17.- INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS.

18.-CRITERIOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.

## ***Educación Infantil***

### **1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.**

Durante esta etapa educativa séntanse as bases para o desenvolvemento persoal e social e intégranse aprendizaxes que están na base do posterior desenvolvemento de competencias que se consideran básicas para todo o alumnado. No segundo ciclo desta etapa, dáse especial relevancia ás aprendizaxes orientadas ó coñecemento, valoración e control que os nenos e as nenas van adquirindo da súa propia persoa, das súas posibilidades e da capacidade para utilizar con certa autonomía os recursos dispoñibles en cada momento. Neste proceso, resulta relevante a adquisición de destrezas para realiza-las actividades habituais cun certo grao de responsabilidade, autonomía e iniciativa na utilización adecuada dos espazos e materiais, e no desempeño das diversas tarefas que se realizan na aula. As interaccións co medio, o crecente control motor, a constatación das súas posibilidades e limitacións, o proceso de diferenciación dos outros, farán que os nenos e as nenas vaian adquirindo unha progresiva independencia con respecto ás persoas adultas.

No CEIP da Gándara contamos con 6 unidades de E.I ,e 8 mestres especialistas nesta etapa. Quedando adscritos do seguinte xeito:

| <b>Profesorado adscrito ao ciclo</b> | <b>Nivel</b>                    |
|--------------------------------------|---------------------------------|
| Mº del Mar Rey Lago                  | 4º A                            |
| Fátima Muíños Rodríguez              | 4º B                            |
| Mª Carmen Caruncho Prado             | 5º A                            |
| Alba Tenreiro López                  | 5º B                            |
| Ana Ayala Rodríguez                  | 6º A                            |
| Mª del Carmen Julías Casás           | 6º B                            |
| Belén Bellón Navarro                 | Especialista E.I. (sen titoría) |
| Dolores Basoa López                  | Especialista E.I. (sen titoría) |

### **2.-PLAN ADAPTACION COVID**

#### **2.1.- MEDIDAS XERAIS DE PROTECCION**

Na educación infantil a organización do alumnado establecerase en grupos de convivencia estable, polo que ningún grupo terá relación co outro tanto dentro do edificio escolar (cada grupo na súa aula) coma nos recreos, xa que cada grupo terá a súa zona asignada e delimitada. Cada grupo de Convivencia estable será recoñecido por unha cor, de tal xeito que os alumnos levarán un brazaletes no seu mandilón da cor correspondente: 4ºA vermello, 4ºB azul, 5ºA verde, 5ºB amarelo, 6ºA laranxa, 6ºB morado.

Na etapa de infantil, na propia aula poderase traballar mediante grupos colaborativos dun máximo de 5 alumnos/as (preferiblemente sempre os mesmos), que se constituirán como subdivisións dos grupos estables de convivencia para mellorar a trazabilidade dos contactos. Os grupos traballarán cun distanciamento físico de 1,5 metros respecto dos restantes grupos.

Sempre que sexa posible recomendamos o uso da máscara, porén para o profesorado e o persoal non docente que teña contacto cos grupos de infantil será de uso obrigatorio. Teremos en conta as seguintes medidas de prevención da transmisión da infección, as medidas de protección que se deben empregar e as instrucións para o correcto manexo das mesmas, destacando:

- O correcto uso da máscara, o xeito de poñela e sácala, e de ser o caso de gardala nos momentos da comida, así como dos protocolos de substitución e lavado.
- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
- Hixiene de mans: Lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con xel hidroalcohólico, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón. O lavado realizarase cando menos 5 veces ao longo da xornada.
- A necesidade dunha hixiene correcta de mans cada vez que se use material compartido.
- A importancia que ten a ventilación dos espazos para evitar a transmisibilidade.
- Á entrada e saída do centro, esixencia a todas as persoas (persoal do centro, familias e visitantes) da realización da hixiene de mans con verificación visual do seu correcto cumprimento, prestarase especial atención a esta tarefa nos primeiros días do curso polo seu carácter educativo.
- Habilitar dispensadores de xel hidroalcohólico na aula, será a mestra a encargada de custodiar ditto xel, non estando ao alcance dos nenos.
- Xerar dinámicas para que o alumnado realice hixiene de mans con frecuencia (xogos de mimetismo, acompañamento do lavado, momentos previos ás actividades, entrada no comedor, cada vez que van o baño) ademais de medidas de educación sanitaria. Será necesario garantir a existencia de xabón e papel para secar as mans.
- Instalación de portapanos desbotables e dispensadores de xabón nos aseos ou de xel hidroalcohólico nos espazos comúns.
- Ao tusir ou esbirrar, tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira con tapa, ou ben facelo contra a flexura do cóbado e sempre aloxándose do resto das persoas.
- Realizar hixiene de mans frecuentemente, sobre todo despois de tocar secrecións respiratorias (esbirrar, tusir, uso de panos) e/ou obxectos con posibilidade de estar contaminados, así como antes e despois de comer, usar os aseos ou tocar material susceptible de ser compartido.

Xa na aula, cada alumno/a terá o seu material gardado en contedores propios como estoxos ou semellantes e todo rotulado co seu nome e a súa foto (se fose necesario)-  
Cada alumno terá a súa cadeira identificada co seu nome e/ ou foto.  
Cando se use material susceptible de ser compartido lembraráselle ao alumnado a necesidade e importancia da hixiene de mans antes e despois de usar o material.  
Por outra banda, evítanse aquelas actividades no centro educativo que supoñan a mestura do alumnado de diferentes grupos de convivencia ou clases, así como as que esixan unha especial proximidade.  
Extremarase a orde no posto de traballo e nas mesas da aula, realizando a limpeza e desinfección establecidas nas medidas do protocolo do 31 de agosto.  
Os equipos de traballo (ordenador, monitor, teclado, rato, mesa, teléfonos ou material de oficina) deberán ser usados só pola persoa titular do 24 posto e, de non ser posible, o novo usuario realizará unha correcta hixiene de mans antes do seu uso. As ventás, portas, persianas, contras, dispositivos de funcionamento da iluminación, os proxectores, e restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado ou o persoal non docente, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.

## **2.2 ENTRADAS E SAIDAS**

Con respecto ao alumnado de infantil, a entrada ao centro comezará xusto despois de que rematen os nenos/as de primaria, arredor das 9 horas. No caso deste alumnado, poderán vir acompañados DUN pai/nai, titor/a legal ou familiar. Empregaranse as dúas portas, a grande para o alumnado de 5º e 6º e a pequena para os/as de 4º de infantil. Os de 5º e 6º farán a entrada de forma libre e individual (acompañados/as ata a porta grande da dereita), mentres que os/as máis pequenos/as mentras dure o período de adaptación, poderán facer unha fila no patio cuberto superior, acompañados DUN pai/nai, titor/a legal ou familiar, respectando a distancia interpersoal de 1,5 metros. Unha vez rematado o período de adaptación a entrada tamén será libre e individual.

Nas entradas haberá mestres/as de garda indicando os camiños e velando para que se cumpran a normas de seguridade dos, proporcionando xel hidroalcohólico, correcta limpeza dos pes....

As saídas do alumnado de infantil comezarán quince minutos antes das 14 horas (13:45). Sairán de forma escalonada, comezando os/as de 4º de infantil e rematando os/as de 6º, pola porta que hai no patio do recreo de infantil que da ao exterior do centro. Alí cada titora entregara a cada neno/a aos seu respectivo pai/nai, titor/a legal ou familiar.

Nas saídas haberá mestres/as de garda que irán informando de cando poden ir saíndo para evitar contactos e aglomeracións nas escaleiras e corredores.

### *ENTRADA E SAÍDA NAS AULAS*

Cada aula dispón de dúas portas, unha delas será a de entrada e a outra a de saída. Na de entrada (xa no interior da aula) haberá xel hidroalcohólico (unicamente manipulable polos mestres/as), panos desbotables e papeleira con pedal.

### *CIRCULACIÓN NO CENTRO EDUCATIVO E BAÑOS*

Na planta baixa (infantil), o alumnado de 4º de infantil empregará o antigo baño das nenas . Este dispón de catro retretes, dous para o grupo A (un para os nenos e outro para as nenas) e

os outros dous restantes para o B, debidamente sinalizado nas portas coa súa foto . Os nenos/as de 4º de infantil non farán ningún recorrido circular, xa que este baño queda próximo as súas aulas. Con respecto ao alumnado de 5º de infantil, utilizarán o antigo baño dos nenos (ala dereita do edificio). O emprego dos catro retretes será o mesmo que en 4º de infantil. Estes nenos/as no momento de ir ao WC seguirán os sinais marcados no chan realizando un circuíto circular para non cruzarse con ningunha persoa. Mentres que os nenos/as de 6º de infantil empregarán o baño que hai na ala esquerda do edificio escolar enfrente da ludoteca. O uso deste WC será o mesmo que nos outros dos baños anteriormente explicado. Como os de 5º de infantil, terán marcado no chan uns sinais para que fagan un circuíto circular de ida e volta á aula que será debidamente reforzado polas súas mestras os primeiros días de clase.

## 2.3 RECREOS

### *CLIMATOLOXÍA FAVORABLE*

Levaranse a cabo tres quendas para os tres grupos de idade. Os horarios das quendas serán os seguintes:

| <b>4º Infantil A-B</b> | <b>5º Infantil A-B</b> | <b>6º Infantil A-B</b> |
|------------------------|------------------------|------------------------|
| 11:00-11:25 horas      | 11:30-11:55 horas      | 12:00-12:25 horas      |

Como se pode observar no cadro, hai 5 minutos entre un recreo e outro que se empregará para que o alumnado poida volver a aula sen que ningún grupo coincida polos corredores. O patio de infantil dividirase a súa vez en dúas zonas. A zona 1 será a que vai desde o tobogán e as casiñas ata o remate do patio (zona de area). Mentres que a zona 2 collerá os balancíns e os tobogáns e a zona pavimentada que vai a dar a entrada do centro. Cada grupo rotará con periodicidad semanal.

. *Cerraremos aquel mobiliario do parque que requira una desinfección que resulta máis complexa (o tobogán con casiña). O resto do mobiliario estará baixo supervisión das mestras de garda e desinfectando cada vez que remate unha quenda de recreo.*

### *CLIMATOLOXÍA ADVERSA*

Neste caso as mestras de infantil poderán optar a ir aos patios cubertos do centro antes ou despois dos recreos de primaria, iso si, cada grupo nunha zona, sen mesturarse con outros grupos para asegurar a estanqueidade dos mesmos. Se fose posible tamén poderan ir a aula de psicomotricidade.

## 2.4.-MERENDAS

En canto ás merendas, estas realizaranse de xeito individual, na propia aula, en grupos colaborativos en espazos diferenciados por una distancia de 1,5m. Cada alumno/a traerá a súa merenda nun taper identificado co seu nome e deberán acostumarse a non compartir.

## 3.- CONTRIBUCIÓN DO CICLO Ó LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

A etapa de EI está dividida en tres áreas de actuación:

-Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.

-Coñecemento do contorno.

-Linguaxes: comunicación e representación.

O carácter globalizado desta etapa, fai que estas áreas estean interconectadas entre si e polo tanto o logro de cada unha destas competencias básicas non estea vinculado a unha soa área, senón que o achegamento ás mesmas teña máis que en ningunha outra, un carácter multidisciplinar.

Tal e como indica o currículo de EI, a nosa metodoloxía adaptase ao reto da adquisición das competencias básicas por canto se inspira nos principios de «aprender a aprender» e de «aprender facendo», buscando en todo momento que as aprendizaxes sexan significativas.

Indicamos a continuación algúns exemplos de contribución desta etapa ao desenvolvemento das distintas competencias:

**\*Competencia en comunicación lingüística.**

Actividades diarias de expresión oral na asemblea de titoría. Traballos de composición de distintos tipos de texto relacionados cos proxectos e unidades didácticas. Traballo de animación lectora relacionada con contos que supoñan o descubrimento do pracer pola lectura.

**\*Competencia matemática.**

Actividades diarias relacionadas coas rutinas, tanto no traballo de calendario, data, como rexistro de asistencia, recollidos da axenda de aula.

Desenvolvemento de proxectos que partindo de experiencias da vida cotiá do alumnado lle permitan empregar e relacionar os números, as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático.

Emprego da metodoloxía ABN en todo o ciclo de Educación Infantil. Este método pretende tratar e introducir as matemáticas dunha forma cercana, visualizando e traballando con elas, para que o alumnado familiarícese cos diferentes campos das matemáticas. Empréganse como algo práctico e funcional, desenvolvendo adecuadamente as diferentes destrezas e habilidades.

**\*Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.**

Esta competencia implica no fundamental, o desenvolvemento e aplicación do pensamento científico-técnico para interpretar a información que se recibe e para predicir e tomar decisións con iniciativa e autonomía persoal no mundo.

Ao longo deste curso desenvolveremos actividades e proxectos que convidarán ao alumnado á posta en práctica e adquisición desta competencia, iniciándoo no pensamento científico, potenciando habilidades de investigación mediante a formulación de hipóteses, recoñecemento das evidencias, observación, formulación de interrogantes, descubrimento de alternativas, verificación, predición, xeración de novas ideas e solucións.

**\*Tratamento da información e competencia dixital.**

Esta competencia implica ser unha persoa autónoma, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas.



No desenvolvemento dos proxectos e na actividade diaria da asemblea, recorreremos ao acceso a internet para recoller distinta información e poñela en contraste coa que o alumnado aporta desde a súa propia experiencia.

A verificación por diferentes fontes desta información e a constatación de que non existe unha única resposta a todas as preguntas que se formulan, nin unha única solución a cada problema que se considera, axudaran ao alumnado na adquisición desta competencia.

#### \*Competencia social e cidadá.

Entre as habilidades desta competencia destacan nesta etapa coñecerse e valorarse, saber comunicarse en distintos contextos, expresar as propias ideas e escoitar as alleas, ser capaz de poñerse no lugar do outro e de comprender o seu punto de vista aínda que sexa diferente do propio, así como tomar decisións nos distintos niveis da vida comunitaria, valorando conxuntamente os intereses individuais e os do grupo. Ademais, implica a valoración das diferenzas á vez que o recoñecemento da igualdade de dereitos entre os diferentes colectivos, en particular, entre homes e mulleres.

A asemblea de aula, a primeira hora da mañá, é o espazo mais axeitado para desenvolver estas habilidades, onde o hábito de escoitar e respectar as expresións do resto convértense nun obxectivo fundamental.

#### \*Competencia cultural e artística.

Esta competencia supón coñecer, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e de gozo e consideralas como parte do patrimonio dos pobos.

As actividades desenvolvidas nos proxectos, xunto coas unidades didácticas correspondentes á biografía e obra de diferentes artistas, van axudar ao alumnado a adquirir estas competencias

#### \*Competencia para aprender a aprender.

A práctica educativa desenvolvida polo equipo docente deste ciclo está centrada na adquisición desta competencia. Os proxectos programados neste curso van incidir na potenciación da comprensión e da expresión lingüística, da memoria, da motivación, da observación, dos rexistros das aprendizaxes, do traballo cooperativo e por proxectos, da resolución de problemas, posibilitando por parte dos nenos e nenas a planificación e organización da tarefa.

#### \*Autonomía e iniciativa persoal.

Esta competencia refírese, por unha parte, á adquisición da conciencia e aplicación dun conxunto de valores e actitudes persoais interrelacionadas como a responsabilidade, a perseveranza, o autoconhecimento e a autoestima, a creatividade, a autocrítica, o control emocional, a capacidade de elixir, de calcular riscos e de afrontar os problemas, así como a capacidade de demorar a necesidade de satisfacción inmediata, de aprender dos erros e de asumir riscos.

Podemos subliñar algunhas actividades que se desenvolven nas aulas de EI para aumentar no alumnado esta competencia como son as votacións nas asembleas para a toma de decisións, ou o fomento da responsabilidade a través das rutinas relacionadas co tratamento dos obxectos persoais ou a celebración dos aniversarios.

#### **4.- OBXECTIVOS XERAIS ESTABLECIDOS PARA O CICLO.**

A educación infantil no CEIP da Gándara, contribuirá a desenvolver nas nenas e nenos as capacidades que lles permitan:

Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.

Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.

Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.

Desenvolver as súas capacidades afectivas.

Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.

Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.

Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.

Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.

Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación

#### **5. CONTIDOS (UNIDADES DIDÁCTICAS E PROXECTOS) TEMPORALIZADOS POR AVALIACIÓNS.**

Os contidos educativos da educación infantil organizanse en áreas correspondentes a ámbitos propios da experiencia e do desenvolvemento infantil e abórdanse por medio de actividades globalizadas que teñen interese e significado para as nenas e os nenos.

##### **4º EDUCACIÓN INFANTIL**

###### **1º Trimestre:**

Secuencia didáctica “NA MIÑA CLASE” nela traballaremos todos os materiais que nos podemos atopar na nosa aula, as normas e comportamento, hábitos de autonomía e rutinas diarias, coñeceremos aos compañeiros, profesores e espazos e materiais utilizados na aula.

Proxecto “Eu estou san porque...” para que os nenos e as nenas coñezan todo o relativo o COVID: uso da mascarilla, distancia de seguridade, tusimos no codo, vacinas, limpeza...

Durante todo o trimestre traballaremos co método ABN, co cal os nenos e nenas aprenden os números a través da manipulación.

O contos que nos acompañará durante todo o curso será o de PEPITA E MIGUEL, que nos axudará a iniciarnos na lectoescritura, a través do método fonético.

Secuencia didáctica “ El otoño” para traballar as características desta estación.

Trataremos de empregar, na medida do posible, a metodoloxía da APRENDIZAXE COOPERATIVA, adaptándonos sempre ao Protocolo COVID.

En tódolos trimestres traballaremos o arte, a través de pequenos proxectos.

## **2º Trimestre:**

Faremos o “proxecto do nome”, para que cada un coñeza o seus e o dos seus compañeiros e os vaian interiorizando.

Durante todo o trimestre traballaremos co método ABN, co cal os nenos e nenas aprenden os números a través da manipulación.

O contos que nos acompañará durante todo o curso será o de PEPITA E MIGUEL, que nos axudará a iniciarnos na lectoescritura, a través do método fonético.

Trataremos de empregar, na medida do posible a metodoloxía da APRENDIZAXE COOPERATIVA, adaptándonos sempre ao Protocolo COVID.

Faremos un pequeno proxecto titulado “mi familia”, onde os nenos e as nenas nos presentarán a súa familia.

Secuencia didáctica “ El invierno” para traballar as características desta estación.

En tódolos trimestres traballaremos o arte, a través de pequenos proxectos.

## **3º Trimestre:**

Traballaremos a través do proxecto “a selva”, coñecendo os animais máis relevantes e as súas características.

En tódolos trimestres traballaremos o arte, a través de pequenos proxectos.

Durante todo o trimestre traballaremos co método ABN, co cal os nenos e nenas aprenden os números a través da manipulación.

Secuencia didáctica “ primavera-verano” para traballar as características desta estación.

O contos que nos acompañará durante todo o curso será o de PEPITA E MIGUEL, que nos axudará a iniciarnos na lectoescritura, a través do método fonético.

Trataremos de empregar, na medida do posible a metodoloxía da APRENDIZAXE COOPERATIVA, adaptándonos sempre ao Protocolo COVID.

## **5º EDUCACIÓN INFANTIL**

Este ano imos realizar un **Proxecto anual** dedicado ao **COVID-19** que trataremos ao longo dos tres trimestres. Ademais abordaremos a lecto-escritura traballando con diferentes contos como o de Pepita e Miguel e outros como por exemplo: *Chibos Chibóns, Petra, Non é una Caixa, A cebra Camila*, entre outros.

Por outra banda, de maneira anual faremos propostas de grafismo creativo, aproximadamente cada quincena, co fin de mellorar a grafomotricidade.

### **1º TRIMESTRE**

Secuencia didáctica “O Outono”: Vocabulario, cambios na paisaxe, climatoloxía, celebracións, etc.

Primeira parte do Proxecto Covid: que sabemos; normas hixiénicas.

Secuencia didáctica “Coñecémonos”: nesta secuencia abordaremos aspectos traballados o ano pasado co fin de facer un repaso dos mesmos, como por exemplo o nome o a figura humana.

### **2º TRIMESTRE**

Secuencia didáctica: “O inverno”: Características do contorno, climatoloxía, a estación nas diferentes partes do mundo, alimentos típicos da estación...

Arte: Mondrian e Kandinsky

Segunda parte do Proxecto Covid: que é o Covid? Investigamos sobre este e outros virus

### **3º TRIMESTRE**

Secuencia didáctica: “A primavera e o verán”: cambios no contorno, climatoloxía, experimentos con plantas e floración, celebracións...

Mini-proxecto: As cores da nosa pel baseado na obra de Angélica Dass “Humanae”

Terceira parte do Proxecto Covid: a partir do que xurda da primeira e segunda parte.

## **6º EDUCACIÓN INFANTIL**

Neste curso continuaremos traballando nos **tres trimestres** coa mesma metodoloxía que nos cursos anteriores:

- en loxicomatemáticas coa metodoloxía ABN, tratando de facer as manipulacións e xogos necesarios para a aprendizaxe dos contidos coa adaptación ao protocolo covid-19;
- en lectoescritura co método fonético e o conto de Pepita e Miguel, que os nenos/as xa conocen e co que algúns deles xa comezaron a ler; ademais este curso, como novidade para os nenos e para motivalos e axudarlles coa aprendizaxe das letras minúsculas, presentárolles ás persoaxes de Letrilandia, o País das Letras.
- e para o medio físico e social traballaremos mediante proxectos e pequenas secuencias didácticas.
- Como ven sendo habitual, empregaremos, na medida do posible e cumprindo sempre coas normas establecidas no protocolo covid-19, a aprendizaxe cooperativa .

E faremos uso, sempre que sexa posible, de xogos e da metodoloxía lúdica para favorecer a participación dos nenos e das nenas nas tarefas propostas para a aprendizaxe dos seguintes contidos.

## CONTIDOS DO 1º TRIMESTRE

- En loxicomatemáticas trataremos de que os nenos e nenas coñezan os números ata o 99, xa que é o obxectivo que se pretende coa metodoloxía ABN para o 6º nivel de E.I. Comenzaremos traballando co segundo caderniño que tiñamos no curso anterior e que quedou sin facer; e nel traballaremos os seguintes contidos; conteo ata o 20, iniciación á decena, metades e dobres, reparto regular e irregular, comparación e ordenación de conxuntos, iniciación á suma, complementarios do 10, xeometría e seriación.
- En lectoescritura continuaremos repasando a fonética de tódalas letras así como a grafía en maiúscula e introducíremolos na aprendizaxe das letras minúsculas comenzando nestes trimestre polas vogais e se o ritmo dos nenos/as nolo permite seguiremos coas primeiras constantes por orde de dificultade ( l,m,n,p,s).
- O medio Físico e social traballáremolo este trimestre mediante una secuencia didáctica moi cercana a nós, neste momento, *O covid-19 e os hábitos de saúde*. Tamén trataremos de facer unha pequena secuencia didáctica do *Outono* e tarefas sobre as celebracións deste trimestre (Magosto, Samaín, Nadal). Pero un dos contidos estrela será un proxecto sobre *Os Castelos* que nos quedou pendente do curso pasado.

## CONTIDOS DO 2º TRIMESTRE

- En lóxicomatemáticas, os contidos deste 2º trimestre serán a numeración ata 40, ou ata a súa familia, a decena, repartos, comparacións, sumas, números complementarios, dobres e metades, a resta, xeometría e series.
- En lectoescritura continuaremos reforzando a fonética e a grafía das letras maiúsculas, o trazo das vogais e consoantes traballadas no trimestre anterior e comenzaremos coa aprendizaxe da grafía en minúsculas de novas consoantes por orden de dificultade,( ñ,t,d,r,f,ll,b,v).
- Para traballar o medio físico e social realizaremos un proxecto moi amplo que se desenvolverá durante este segundo trimestre e durante o terceiro. Para o seu desenvolvemento motivaremos aos rapaces/zas cunha persoa viaxeira que percorrerá o mundo vivindo experiencias diversas coas que os nenos e as nenas aprenderán unha chea de contidos sobre o medio físico e social no que viven; dende o máis cercano ata o máis lonxano (o corpo humano, os seres vivos co medio animal e o medio vexetal; o universo e o planeta terra cos 4 elementos, a xeografía e o sistema solar). A secuencia dos contidos a traballar será motivadora para os nenos e seguirá unha orde lóxica sempre partindo dos seus intereses, así como a elección da persoa motivadora que aínda está por determinar. Tamén traballaremos *o Inverno e a Primavera*, cunha secuencia didáctica. As celebracións deste trimestre (día da Paz, entroido, ...) traballáremolas con actividades específicas de cada festa.  
\_Aproveitando que durante este curso, previsiblemente lles empecen a caer os dentes de leite, neste trimestre faremos tamén un pequeno proxecto globalizado sobre *O Rato Pérez* a partindo dalgún conto motivador.

## CONTIDOS DO 3º TRIMESTRE

- En loxicomatemáticas traballaremos xa contidos máis propios deste nivel que seguindo á metodoloxía ABN abarcaría conteo ata 99, e a ampliación dos contidos traballados ata o de agora como conta e retroconta, as unidades e as decenas e a súa representación, conteo de dous en dous, secuencias numéricas, a táboa do 100, repartos, números

complementarios, o dobre e a metade, a suma e a resta,...complementarios do 10 e do 100,...

- En lectoescritura continuaremos reforzando a fonética, as grafías en maiúscula e os trazos das minúsculas traballadas en trimestres anteriores e aprenderemos a facer o trazo das consoantes que nos quedan por traballar así como a iniciación ao uso das consoantes con máis dificultade ( c/z,c/qu, r/rr, g/j,y,x).
- No medio físico e social continuaremos con ese gran proxecto de dous trimestres de duración no que viaxando da man da nosa persoa os rapaces e rapazas descubrirán os temas relacionados coas ciencias da vida e as ciencias da Terra e do Universo. Como nos trimestres anteriores realizaranse secuencias didácticas ou actividades específicas relacionadas coa época do ano na que nos atopamos e coas súas celebracións (Letras Galegas, verán,...)

En canto aos contidos relacionados coa **linguaxe artística, a educación en valores e a educación emocional detállanse a continuación por ser uns contidos que se traballarán nun continuo durante os tres trimestres.**

- A linguaxe artística traballarámosa durante todo o curso con pequenos proxectos de arte sobre algún autor ou obra que sexa significativo para eles/elas e con manualidades ou tarefas relacionadas cos contidos ou temas a tratar noutras áreas ou proxectos nos que empregaran diferentes técnicas plásticas( modelado, recortado e pegado, picado, pintura con pincel, collages, .....
- A educación en valores traballarámosa mediante contos ou videocontos que inclúan no seu contido os valores que nos interesa tratar en cada momento (solidariedade, mentira, diferencias persoais, amizade, igualdade, .....
- E continuaremos traballando a educación emocional , co noso amigo o monstro das cores, e outros contos; así como coas actividades, as rutinas diarias e as intervencións directas e concretas que lles axuden a comprender como se sinten e a como xestionar os seus sentimentos en cada momento.

## **6.- ACTIVIDADES.**

### **Ao longo do curso:**

Dentro da área de Coñecemento do contorno ao longo do curso desenvolveremos actividades de observación directa do entorno, así coma tamén o coidado de plantas e a realización dalgúns experimentos.

Dentro da área de Comunicación e representación en 4º traballaremos o nome propio, en 5º incluiremos os apelidos e en 6º iniciación á minúscula.

Ao longo do ciclo traballamos un método fonético como iniciación á lectura que progresivamente se complementa coas producións escritas.

Realizaranse actividades e experiencias relacionadas cós proxectos e unidades didácticas mencionadas anteriormente.

Por outra banda, Diseñaranse e implementaránse actividades de educación para a saúde que inclúan as medidas de prevención, hixiene e promoción da mesma fronte a COVID 19, para facer do alumnado axentes activos na mellora da saúde da comunidade educativa. Así mesmo, estas actividades débense incluír de maneira transversal nos programas e actividades de educación e promoción da saúde que xa viñan desenvolvéndose no centro educativo, de maneira que se poida traballar a saúde de forma integral.

Incluiremos:

- Hábitos de alimentación saudable.
- Vida activa que inclúa a actividade física no día a día e ao longo da vida.

## 7.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN RELACIONADOS COAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

-Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e as súas diferentes partes. **Autonomía e iniciativa persoal.**

-Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá. **Autonomía e iniciativa persoal.**

-Recoñecer os sentidos e identificar percepcións e sensacións. **Autonomía e iniciativa persoal.**

-Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade, manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións. **Autonomía e iniciativa persoal.**

-Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade. **Competencia social e cidadá.**

-Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender os das demais persoas. **Autonomía e iniciativa persoal. Competencia social e cidadá.**

**Competencia para aprender a aprender.**

-Participar en xogos, mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas. **Autonomía e iniciativa persoal.**

-Participar en xogos e actividades colectivas aceptando as normas que os rexen. **Autonomía e iniciativa persoal.**

**Competencia social e cidadá.**

-Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas. **Autonomía e iniciativa persoal. Competencia social e cidadá. Competencia para aprender a aprender.**

-Manifestar hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais. **Autonomía e iniciativa persoal.**

-Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas. **Autonomía e iniciativa persoal.**

-Explorar os obxectos e elementos do contorno inmediato e actuar sobre eles. Recoñecer os seus atributos e calidades. Agrupar, clasificar e ordenar estes elementos e coleccións segundo distintos criterios. **Competencia matemática. Competencia para aprender a aprender.**

-Empregar os números para identificar, contar, clasificar, informarse e ordenar elementos da realidade, aproximándose ao seu valor notacional e conceptual. **Competencia matemática.**

**Competencia para aprender a aprender.**

-Propoñer e resolver problemas sinxelos relacionados con situacións cotiás, empregando e comparando magnitudes de peso, lonxitude e capacidade. **Competencia matemática.**

**Competencia para aprender a aprender.**

-Recoñecer algúns aspectos xeométricos básicos: liñas, puntos, rectángulos, cadrados, triángulos, círculos, esferas, cubos e prismas. **Competencia matemática.**

-Descibir e representar dun xeito elemental a situación das propias nenas e nenos en relación a obxectos e ás demais persoas usando vocabulario topolóxico elemental. **Competencia matemática.**

-Usar e comprender nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa vida. **Competencia matemática.**

-Dar mostras de interesarse polo medio natural e os seus cambios. Identificar e nomear algúns dos seus compoñentes, establecendo relacións sinxelas de interdependencia. Manifestar actitudes de coidado e de respecto cara á natureza e participar en actividades para conservala.

**Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico. Competencia para aprender a aprender.**

-Identificar e recoñecer as diferentes etapas da vida nas persoas e outros seres vivos.

**Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.**

-Identificar e coñecer os grupos sociais máis significativos do contorno do alumnado e algunhas características da súa organización. **Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico. Competencia social e cidadá.**

-Recoñecer, identificar e poñer exemplos sinxelos dalgúns servizos comunitarios. **Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico. Competencia social e cidadá.**

-Recoñecer algunhas manifestacións culturais próximas e doutras realidades, valorando a súa diversidade e riqueza. **Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico. Competencia cultural e artística.**

-Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva con iguais e con persoas adultas, segundo as intencións comunicativas. **Competencia en comunicación lingüística**

-Comprender mensaxes orais diversas, mostrando unha actitude de escoita atenta e respectuosa.

**Competencia en comunicación lingüística**

-Amosar unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira, interesándose por participar en interaccións orais en rutinas, xogos e situacións habituais de comunicación.

**Competencia en comunicación lingüística**

-Amosar interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo, iniciándose no seu uso e na comprensión das súas finalidades. Interesarse e participar nas situacións significativas de lectura e escritura que se producen na aula desenvolvidas por persoas lectoras e escritoras competentes. **Competencia en comunicación lingüística. Competencia para aprender a aprender.**

-Producir diferentes textos individualmente ou en grupo -con escritura convencional ou non-, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo... **Competencia en comunicación lingüística**

-Gozar compartindo a escoita e a lectura en voz alta de textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas...

-Utilizar a biblioteca con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo, de entretemento e gozo. **Competencia en comunicación lingüística. Competencia cultural e artística.**

-Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais. **Competencia en comunicación lingüística. Tratamento da información e competencia dixital. Competencia cultural e artística.**

-Mostrar interese por explorar as súas posibilidades de expresión e representación, por gozar coas súas producións e por compartir as experiencias creativas, estéticas e comunicativas. **Competencia en comunicación lingüística. Competencia cultural e artística. Competencia para aprender a aprender.**

-Utilizar, na medida das súas posibilidades, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e comunicación como vehículo de expresión e comunicación. **Competencia en comunicación lingüística. Tratamento da información e competencia dixital. Competencia cultural e artística. Competencia para aprender a aprender.**



## **8.- PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.**

A avaliación é continua e realízase a través dos seguintes procedementos:

- Observación directa.
- Interacción oral.
- Análise das producións.

Nas titorías elabóranse os correspondentes rexistros de avaliación e as titoras do mesmo nivel realizan as correspondentes cualificacións.

Ao final de cada trimestre elabórase un informe personalizado de avaliación no XADE que se entregará ás familias.

**No caso de confinamento** resulta moi complexo facer a avaliación na educación infantil, precisaremos a colaboración das familias, doutro xeito non sería posible.

### **8.1.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.**

Nesta etapa teranse en conta os ítems propostos polo XADE.

## **9.- MÍNIMOS ESIXIBLES PARA OBTENIR UNHA AVALIACIÓN POSITIVA.**

Mostrar unha adaptación axeitada aos espazos, horarios e rutinas.

Manter unha relación axeitada co alumnado e o profesorado do ciclo.

Acadar un nivel de autonomía e desenvolvemento persoal que lle permita participar no desenvolvemento das actividades da aula independentemente do nivel acadado nas producións e na adquisición de coñecementos.

## **10.- METODOLOXÍA DIDÁCTICA.**

Na educación Infantil levarase a cabo unha metodoloxía o máis activa posible, dadas as circunstancias. Trataremos de levar a cabo actividades que esperten o interese e curiosidade do alumnado para captar a súa atención e favorecer unha aprendizaxe significativa.

Empezaremos cada sesión traballando as normas de hixiene e a concienciación do alumnado coa pandemia, como algo lúdico.

A metodoloxía de traballo será globalizado por proxectos . Para traballar a lóxica matemática utilizamos a metodoloxía ABN , para o cal contamos con algún caderniño e material manipulativo axeitado para levalo a cabo (sempre de xeito individual)

Por outra banda para o xogo por recantos (ambientes) delimitarase e organizarase o seu uso de xeito individual en grupos colaborativos, garantindo a desinfección posterior do material empregado. Dito material non será de moitas pezas e será de fácil desinfección.

Eliminaremos xoguetes ou obxectos que non sexan estritamente necesarios. Todos os xoguetes e utensilios serán dados a cada neno/a de maneira individual para o seu uso na mesa ou no chan ao seu carón dependendo da natureza do mesmo.

Partindo dun enfoque constructivista, aplícase unha metodoloxía baseada na interacción e a reflexión sobre a acción así como o traballo por proxectos.

Prodúcese unha aprendizaxe cando o neno ou a nena establece relacións significativas entre a súa experiencia previa e a nova información que se lle presenta, de forma que se produza unha modificación dos esquemas de coñecementos preexistentes e estes evolucionen cara a estruturas cada vez máis elaboradas e complexas. Isto implica unha metodoloxía baseada no principio de aprendizaxe significativa.

Diariamente o alumnado realiza as Rutinas e a Asemblea á primeira hora, sempre na mesma aula.

Unha das principais fontes de actividade nestas idades é o **xogo**. É necesario dotar de carácter lúdico calquera actividade que vaia a realizar para o que se debe evitar a división entre xogo e traballo xa que o xogo é o traballo dos nenos e das nenas. É a actividade principal que realizan, favorece a elaboración e o desenvolvemento das estruturas do coñecemento. O xogo é o vehículo que utilizan para se relacionaren e para aprenderen da realidade que os rodea.

Facemos fincapé nas actividades que teñen un carácter cooperativo (adaptandonos a nova situación covid) favorecendo deste xeito a socialización dos nenos e nenas, a colaboración de todos, a inclusión do alumnado con necesidades, etc.

## **11.-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.**

Nas distintas aulas contamos con material didáctico diversificado como quebracabezas, libros adaptados ao nivel, xogos para desenvolver as capacidades lóxico-matemáticas e espaciais do alumnado, e material para desenvolver o xogo simbólico. Ademais contamos con material funxible de uso individual.

Para o xogo por recantos delimitarase e organizarse o seu uso de xeito individual en grupos colaborativos, garantindo a desinfección posterior do material empregado. Dito material non será de moitas pezas e será de fácil desinfección. Eliminaremos xoguetes ou obxectos que non sexan estritamente necesarios. Todos os xoguetes e utensilios serán dados a cada neno/a de maneira individual para o seu uso na mesa ou no chan ao seu carón dependendo da natureza do mesmo.

Os recursos didácticos máis relacionados co desenvolvemento das unidades didácticas e os proxectos son de editoriais e tamén de elaboración propia, como fichas para o traballo personalizado e as elaboradas para o traballo colectivo. Ademais contamos con recursos que achegamos de fora das aulas, relacionados cos proxectos (libros especializados, internet, xornais, revistas, documentais, presentacións, persoas que visitan a aula, información recollida nas casas...)

Todas as aulas teñen pizarra branca para proxeccións, un cañón e un retroproector. Ademais contamos tamén con pizarras interactivas, ordenador e conexión a internet.

## **12.- MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.**

Neste curso temos escolarizado varios nenos con nee. Isto non impedirá que tamén se lle proponha a realización daquelas actividades que realicen os demais que consideremos que son quen de realizar con apoio individualizado. Estes alumnos recibirán apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

As propostas didácticas realizadas nas aulas son as mesmas para todo o resto do alumnado independentemente das súas características. O que varía en cada caso é o resultado da produción e o apoio individualizado na realización da mesma.

Estes alumnos/as con necesidades educativas especiais están nas aulas de 4ºA , 4ºB , 6ºA e 6ºB de Educación Infantil. Unha delas ten o noso centro compartido co centro de educación especial Terra de Ferrol.

Ao principio de curso tamén se detectan varios casos de nenos/as que teñen dificultade na pronunciación de moitos fonemas .

No caso de pautas de actuación nas dificultades de atención reforzamos coas seguintes medidas:

- Graduar as ordes no traballo para todo o grupo
- Asegurarnos antes de dar o traballo de que estes nenos/as o saben facer
- Axuda individualizada no caso de que teñan dificultade
- Moitos apoios visuais
- Motivación con reforzo positivo

No caso de pautas de actuación con nenos con dificultade de conduta tomamos as seguintes medidas

- Utilización programa de reforzo positivo
- Sistema de gratificación
- Rexistro de condutas modificables
- Entrevista coas familias

### **Programa de reforzo e recuperación.**

Dada a atención individualizada na que se basea a nosa metodoloxía, as actividades de recuperación e reforzo realízanse por parte da titora e profesorado de apoio, dentro da aula ou fora, segundo os casos.

### **13.- ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICs.**

Os máis pequenos asumen con naturalidade a presenza do ordenador no medio escolar. A propia aprendizaxe é para eles un xogo; e o ordenador é un recurso didáctico para aprender e xogar e reforzar os contidos a traballar.

Tamén faremos uso da robótica como un accesorio para a nosa labor educativa ,traballaremos co Bee-bot, facendo as nosas propias alfombrillas adaptádoas a os contidos que estimemos oportunos.

### **14.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.**

- **Establecemento das normas da clase** que serán as mesmas que se dan nas outras aulas de educación infantil:
  - Cando as mestras falan, os nenos/as escoitan.
  - Cando quero dicir algo levanto a man.
  - Saio da aula no tren sen empurrar ao compañeiro/a e un detrás do outro.
  - Axudo ao compañeiro/a que o necesite.
  - Coloco as miñas cousas colgadas no percheiro.

-Séntome ben na miña cadeira.

- **Participar no plan de convivencia do Centro: Manter limpos os baños e coidado das plantas do centro.**
- **Respectar o circuíto de seguridade viaria que temos no Centro.**

## **15.- EDUCACIÓN EN VALORES.**

A través da educación exercitaranse os valores que fan posible a vida en sociedade, adquirense hábitos de convivencia democrática e de respecto, é dicir, prepáranse os nenos e as nenas para a participación responsable nas distintas actividades e instancias sociais.

Na nosa programación consideramos que un dos obxectivos básicos da ensinanza é o de formar consciencias críticas, persoas capaces de pensar por si mesmas. Esta tarefa debe comezar a levarse a cabo desde as idades máis temperás, pois sabemos que unha correcta actuación pedagóxica nestes niveis permitirá contarlles ós alumnos e ás alumnas co fundamento principal para a súa posterior aprendizaxe e desenvolvemento funcional na sociedade.

## **16.-ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Este ano non faremos saídas extraescolares cos alumnos de educación infantil. Celebraremos os días de obrigada conmemoración na nosa aula.

### **Accións previstas de acordo co proxecto lector.**

Sempre en coordinación co Plan Lector do centro e reservando 20 minutos diarios á lectura dun conto, poesías e outras actividades orais.

## **17.- INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS**

Utilizarase como mecanismo de comunicación xeral coas familias a páxina web do centro. Ademais contamos con outros canles de comunicación :

- .- Mensaxería por telegram.
- .-Blog
- .-ClassDojo
- .- Correo electrónico.
- .- Teléfono
- .-Abalar

As familias están en constante relación co centro, de maneira que se producen intercambios formais e informais. Establécese unha reunión a principio de curso para todos os niveis. Os alumnos de 4º curso de E.I que se incorporan por primeira vez ao centro non tiveron a primeira reunión que facíamos en xuño para intercambiar información e ter a primeira toma de contacto entre a familia e a escola, debido a situación covid na que nos atopamos. Sí tiveron a reunión propia de principio de curso no mes setembro, 4º e 5º, cumpríndose estrictamente as medidas de prevención . No mes de outubro farán a reunión 6º .Ao finalizar a etapa tamén se levará a cabo unha reunión de fin de ciclo. Por outra banda, todos os mestres poderán facer unha reunión cando sexa necesario.

Na PXA recóllese unha hora semanal de titoría para información individualizada e persoal, que será os martes de 16h a 17h , priorizarase a comunicación por teléfono ou videochamada. Cando a xuízo do titor/a ou da dirección do centro sexa preciso a titoría presencial realizarase coas medidas precisas de protección.

Ao final de cada trimestre entregarase as familias un boletín informativo cos resultados da avaliación continua e final.

### **PAUTAS A SEGUIR NO CASO DE CONFINAMENTO**

No caso de confinamento seguiríamos traballando os mesmos contidos mediante tarefas escritas, fichas interactivas, xogos, contos, debuxos, manualidades...procurando facer tarefas variadas e diferentes.

Contactaremos coas familias principalmente diariamente a través das diferentes canles de comunicación anteriormente citadas.

### **18.- CRITERIOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN**

En calquera momento da posta en práctica desta programación avaliaremos a consecución dos obxectivos propostos co fin de que permita introducir ou modificar, si é necesario, algún aspecto que consideremos oportuno tanto na metodoloxía coma na organización de espazos e tempos ou na selección de actividades, tendo en conta os intereses e as características do grupo ao que vai dirixida.

Nas sesións de avaliación correspondentes a cada trimestre farase unha avaliación cuantitativa da porcentaxe de programación desenvolvida. Avaliarase tamén en cada sesión os desaxustes que se deron na posta en práctica da metodoloxía, aplicando as correccións correspondentes. Na sesión de avaliación do terceiro trimestre realizarase unha autoavaliación da función docente.